



ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIVEIRA

G-15045594

Rosalía de Castro 13 Entresuelo

15960 RIVEIRA

T. 981873719 F.981872406

correo@empresariosriveira.com

Ribeira, 12 de xaneiro de 2016

Estimado Asociado/a:

Remitimoslle información que consideramos poda ser do seu interés:

LEXISLACION

B.O.E. (Nº 255 do 24/10/2015), Laboral. Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da **Lei de Emprego**.

B.O.E. (Nº 255 do 24/10/2015), Laboral. Estatuto dos Traballadores. Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da **Lei do Estatuto dos Traballadores**.

B.O.E. (Nº 253 do 22/10/2015), Laboral. Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da **protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro**.

B.O.E. (Nº 260 do 30/10/2015), Prevención de Riscos Laborais. Orde ESS/2259/2015, do 22 de outubro, pola que se modifica a Orde TIN/250/2010, do 20 de setembro, pola que se desenvolve o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o **Regulamento dos Servizos de Prevención**, no referido á acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención, memoria de actividades preventivas e autorización para realizar a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas.

B.O.E. (Nº 303 do 19/12/2015), Seguridade Social. Enfermedades Profesionais. Real Decreto 1150/2015, do 18 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se **aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social** e establécense criterios para a súa notificación e rexistro.

B.O.E. (Nº 259 do 29/10/2015), Información tributaria. Orde HAP/2250/2015, do 23 de outubro, pola que se aproba o modelo 184 de declaración informativa anual a presentar polas entidades en **régime de atribución de rendas** e pola que se modifican outras normas tributarias.

B.O.E. (Nº 281 do 24/11/2015), Fiscal. Imposto sobre a Renda de non Residentes. Orde HAP/2474/2015, do 19 de novembro, pola que se aproba o modelo de solicitude de devolución por aplicación da exención por reinversión en vivenda habitual no ámbito do Imposto sobre a Renda de non Residentes e o modelo de solicitude do réxime opcional regulado no artigo 46 do Texto Refundido da **Lei do Imposto sobre a Renda de non Residentes, e determínase o lugar, forma e prazo de presentación das devanditas solicitudes**.

B.O.E. (Nº 276 do 18/11/2015), Fiscal. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e Imposto sobre o Valor Engadido. Orde HAP/2429/2015, do 10 de novembro, pola que se modifican a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda e a Orde EHA/3111/2009, do 5 de novembro, pola que se aproba o modelo 390 de declaración-resumen anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

B.O.E. (Nº 276 do 18/11/2015), Fiscal. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e Impostos sobre o Valor Engadido. Orde HAP/2430/2015, do 12 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2016 o método de estimación obxectiva do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e o réxime especial simplificado do Imposto sobre o Valor Engadido.

B.O.E. (Nº 275 do 17/11/2015), Fiscal. Información Tributaria. Real Decreto 1021/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a obrigaçión de identificar a residencia fiscal das persoas que ostenten a titularidade ou o control de determinadas contas financeiras e de informar acerca das mesmas no ámbito da asistencia mutua.

B.O.E. (Nº 266 do 06/11/2015), Fiscal. Imposto sobre Sociedades. Deducións. Orde ECC/2326/2015, do 30 de outubro, pola que se modifican os anexos do Real Decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regula a emisión de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, a efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, e pola que se establece a obrigatoriedade da tramitación electrónica do procedemento de solicitude de emisión dos devanditos informes polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.

B.O.E. (Nº 304 do 21/12/2015), Fiscal. Orde HAP/2763/2015, do 17 de decembro, pola que se aproban os prezos medios de venda aplicables na xestión do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns e Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte.

B.O.E. (Nº 301 do 17/12/2015), Fiscal. Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Resolución do 3 de decembro de 2015, do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se modifica a do 3 de xaneiro de 2011, pola que se aproba o modelo 145, de comunicación de datos do perceptor de rendas do traballo ao seu pagador ou da variación dos datos previamente comunicados.

B.O.E. (Nº 265 do 05/11/2015), Traballadores do mar. Orde PRE/2315/2015, do 3 de novembro, pola que se modifica o contido dos botiquines que deben levar a bordo os buques segundo o establecido polo Real Decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar.

B.O.E. (Nº 261 do 31/10/2015), Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario. Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viario.

B.O.E. (Nº 261 do 31/10/2015), Sector gasista. Real Decreto 984/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións do sistema de gas natural.

B.O.E. (Nº 260 do 30/10/2015), Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

D.O.G. (Nº 227 do 27/11/2015), Comercio. RESOLUCIÓN do 19 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Comercio, pola que se aproba o **Plan de inspección comercial da Xunta de Galicia** para o ano 2016.

DOG (Nº 249 de 31/12/2015) LEI13/2015, de 24 de decembro, de **medidas fiscais e administrativas.**

D.O.G. (Nº 139 do 24/07/2015), Laboral. DECRETO 103/2015, do 15 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do **calendario laboral para o ano 2016.**

Son os seguintes: **1 de xaneiro**, Ano Novo; **6 de xaneiro**, Día de Reyes; **24 e 25 de marzo**, Semana Santa; **17 de maio**, Día das Letras Galegas; **24 de xuño**, San Juan; **25 de xullo**, Día de Galicia; **15 de agosto**, A Asunción; **12 de outubro**, Día da Hispanidade; **1 de novembro**, Todos os Santos; **6 de decembro**, Día da Constitución e **8 de decembro**, Día da Inmaculada.

B.O.P. (Nº 208 do 30/10/2015), Laboral. Calendario Laboral 2016. Calendario laboral para o ano 2016. **Festas locais da provincia da Coruña.**

D.O.G. (Nº 234 do 09/12/2015), Laboral. RESOLUCIÓN do 26 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2016, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

DOG (Nº 197 do 15/10/2015).ORDE do 9 de outubro de 2015 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a **apertura de establecementos comerciais durante o ano 2016.**

Repártense da seguinte maneira: os domingos **3 e 10 de xaneiro**; o **24 de marzo**, festividade de Xoves Santo; o domingo **3 de xullo**; o domingo **24 de xullo**, véspera do Día de Galicia; o **1 de novembro**, Todos os Santos; e os domingos **4, 11 e 18** de decembro; así como o **8 de decembro**, día da Inmaculada Concepción.

AXUDAS E SUBVENCIÓNS

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa para a promoción do emprego autónomo**, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015). RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo que aproba as bases reguladoras do **programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pequenas e medianas empresas**, instrumentadas mediante convenio de colaboración coas sociedades de garantía mutua galegas e as entidades financeiras adheridas (Re-solve 2016), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015). RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das **axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas)**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015). RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das **axudas para a contratación de xestores de internacionalización**, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015). RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das **axudas aos proxectos de investimento empresarial**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

DOG (Nº 247 do 29 de decembro de 2015). RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2015 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das **axudas para novos emprendedores**, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).

DOG (Nº 248 do 30 de decembro de 2015). ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de **subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante comerciante polo miúdo e artesanal galego** e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN201H).

DOG (Nº 248 do 30 de decembro de 2015). ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de **subvencións para fomentar a remuda comercial e se procede a súa convocatoria para o ano 2016** (código de procedemento IN216A).

DOG Nº 249, 31-12-2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativa ao **Plan Renove de fiestras**, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2016 (códigos de procedemento IN412A-IN412B).

DOG Nº 249, 31-12-2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións**, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda** existentes e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN316A).

DOG Nº 249, 31-12-2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de **subvencións destinadas á renovación total ou parcial de ascensores existentes pertencentes a comunidades de propietarios de edificios de vivendas** en réxime de propiedade horizontal radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Renove de ascensores) e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código do procedemento IN532A).

DOG Nº 249, 31-12-2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións**, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **renovación de fachadas e cubertas de lousa** e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN314A).

DOG Nº 249, 31-12-2015. ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de **subvencións**, en réxime de concorrencia non competitiva, para a **renovación de cubertas con tella cerámica**, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN423B).

CONVENIOS COLECTIVOS

B.O.P. (Nº 239 do 15/12/2015), Convenio colectivo. Resolución de inscrición e publicación das **táboas salariais dos anos 2014 e 2015 do convenio colectivo provincial do sector de pintura da Coruña.**

B.O.P. (Nº 239 do 15/12/2015), Convenio colectivo. Resolución de inscrición e publicación do **calendario laboral** para o ano 2016 e as táboas salariais dos anos 2014 e 2015 do **convenio colectivo provincial do sector da construción e obras públicas da Coruña.**

B.O.P. (Nº 239 do 15/12/2015), Convenio colectivo. Resolución de inscrición e publicación do **calendario laboral para o ano 2016 do convenio colectivo provincial do sector de pintura da Coruña.**